



Ramón
Carballo

PROGRAMA ELECTORAL
LUGO 2019



LUGO EN MARCHA



Querido veciño/veciña

O que che presentamos neste documento é a columna vertebral dun proxecto de presente e futuro que temos para o municipio, centrado na mellora da calidade de vida e con propostas para que Lugo se poña en Marcha e non quede atrás.

Síntome moi satisfeito do modelo de cidade que vos presento, que é froito dun traballo conxunto de moitos lucenses, que fixestes aportacións ao longo dos últimos meses a través de diferentes canles.

Estamos nun momento decisivo: tras 20 anos de gobernos socialistas é momento de cambiar, de avanzar e sumarlle oportunidades.

Para que Lugo non quede atrás e para que Lugo sexa un municipio dinámico é necesario, agora máis que nunca, un cambio. Só co teu apoio poderemos conquistar a meta de recuperar a alcaldía para o Partido Popular; por iso quero compartir contigo as nosas ideas, a nosa ilusión e o noso traballo.



LUGO EN MARCHA

coa xestión eficaz



- 1 **Sacaremos a licitación todos os servizos municipais** que actualmente se prestan con contratos caducados, para evitar as consecuencias económicas que supón para as arcas municipais.
- 2 **Crearemos un Rexistro Municipal de Empresas** e implantaremos un sistema aberto de adquisición para contratos menores mediante unha aplicación web e móbil para abrir a participación en contratos do Concello a todos os empresarios lucenses que o desexen.
- 3 **Poremos en marcha un Plan de Comunicación Interna** no Concello de cara a mellorar o funcionamento deste, así como o servizo á cidadanía.
- 4 **Elaboraremos de forma totalmente transparente unha nova Relación de Postos de Traballo** coa participación dos traballadores e os seus representantes atendendo exclusivamente a criterios de eficacia e eficiencia.
- 5 **Impulsaremos un Modelo de Xestión de Calidade Total**, no que se establezan unha serie de límites temporais para a resolución de todos os procedementos administrativos, tanto os iniciados polos cidadáns como os do propio Concello, para deste xeito acadar a excelencia, a mellora permanente e a innovación continua.
- 6 **Actualizaremos de forma permanente o Inventario de Bens e Dereitos do Concello**, de conformidade ao establecido na Lei, para axudar a tomar decisións no tocante a adquisicións, arrendamentos, reparacións e conservacións de inmobles.
- 7 **Elaboraremos un Plan de Aproveitamento de instalacións municipais** que non teñan un uso definido, coa finalidade de poñelos en valor, e sacar un aproveitamento dos mesmos.
- 8 **Aprobaremos un Regulamento que fixe os criterios para a cesión ou utilización de uso de edificios e dependencias municipais**, co obxecto de que os cidadáns poidan levar a cabo actividades diversas.
- 9 **Impulsaremos unha Tarxeta Cidadá**, dotándoa de maiores servizos.
- 10 **Aprobaremos e executaremos as Ofertas de Emprego Público**, coa finalidade de manter a calidade dos servizos municipais, cumprindo estritamente cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.
- 11 **Potenciaremos a Administración Dixital para transformar o Concello nunha Administración Pública aberta**, eficaz e integradora que proporcione servizos públicos dixitais a todos os cidadáns, e sirva para a redución da burocracia.
- 12 **Crearemos unha oficina de asesoramento e apoio aos propietarios de vivendas afectadas por ocupacións irregulares (OKUPAS)** que teña por obxecto recuperar as súas vivendas, e acompañar os propietarios durante todo o proceso.

- 13 **Promoveremos que a contratación pública teña en conta os criterios de innovación e responsabilidade social**, prestando especial atención á promoción da integración e á inclusión social de colectivos desfavorecidos, á protección do medio ambiente e ao uso eficiente dos recursos, tendo sempre en conta a perspectiva de xénero.
- 14 **Potenciaremos a vixilancia da saúde laboral e a prevención de riscos laborais entre os traballadores do Concello**, cumprindo estritamente coa Lei de Prevención de Riscos Laborais, facendo do Comité de Seguridade e Saúde un órgano eficaz e participativo.
- 15 **Cumpriremos cos principios de estabilidade orzamentaria** que son claves para impulsar o crecemento e o emprego.
- 16 **Elaboraremos un código de boas prácticas para regular os contidos da web do Concello** para convertela nunha ferramenta cun enfoque institucional e de servizo público.
- 17 **Aprobaremos unha ordenanza sobre a transparencia e libre acceso á información pública** que desenvolva a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, que sirva para avanzar na configuración das obrigacións da publicidade activa, facilitando que os cidadáns poidan acceder de forma directa á información recollida no Concello.
- 18 **Desenvolveremos solucións “Xeotecnolóxicas” baseadas no xeoposicionamento**, realidade virtual e realidade aumentada, que permitirá que calquera cidadán, a través dunha aplicación instalada no teléfono móbil, poida acceder a información de interese do establecemento, produto ou servizo que busque.
- 19 **Poremos en marcha un Sistema de Comunicación Telemática** entre cidadáns e a Policía Local para combater actos vandálicos e delictivos.
- 20 **Promoveremos novas políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión**, con especial atención á redución da morosidade da Administración.
- 21 **Melloraremos a coordinación entre as Administracións Públicas** para reducir os custos e eliminar duplicidades, simplificando os procedementos e eliminando as trabas burocráticas.



LUGO EN MARCHA

coa mobilidade



Propoñemos un **Plan de mobilidade urbana e sostible** que pivota en 8 accións:



POTENCIAREMOS O TRANSPORTE URBANO

PROMOVEREMOS A REESTRUTURACIÓN INTEGRAL DO TRANSPORTE PÚBLICO

- 1** Liñas máis curtas con frecuencias de 10 a 15 minutos que cubran todo o municipio.
- 2** Transbordos gratuítos, establecendo puntos que sirvan de nós para facilitar transbordos.
- 3** Gratuidade para menores de 18 anos, xubilados pensionistas e familias con escasos recursos.
- 4** Creación dunha APP para móbiles para informar, en tempo real, das chegadas de autobuses, frecuencias, enlaces e posibles incidencias no servizo.
- 5** Melloraremos a información das paradas coa posta en funcionamento dos paneis dixitais e coa colocación de novos paneis informativos.



NOVO SISTEMA ORA

- 1** Propoñemos un sistema de rotación gratuíta controlado directamente polo Concello mediante un vehículo cun sistema de lectura de matrículas ou ben con discos indicadores de hora de chegada.
- 2** Este sistema debe instalarse en zonas con dificultades de aparcamento (casco histórico, Milagrosa, Augas Férreas, Fontiñas ou San Roque...) co obxecto de dinamizar o comercio local permitindo estancias, segundo a zona de entre 30 min e 2 horas. Tamén acreditaremos tarxetas para residentes.
- 3** Retiraremos as máquinas da Ora da cidade.



APARCADOIROS MUNICIPAIS

- 1 **Ampliaremos as dimensións das prazas dos aparcadoiros municipais de Santo Domingo, Praza do Ferrol e Praza da Constitución.**
- 2 **Habilitaremos novos aparcadoiros disuasorios** en parcelas municipais e estableceremos convenios con propietarios de parcelas para habilitar novos aparcamentos disuasorios a cambio de exencións ou bonificacións.
- 3 **Sacaremos a concurso o aparcadoiro praza Viana do Castelo** ofrecendo as dúas primeiras horas gratuítas de aparcamento.
- 4 **Propoñemos realizar un estudo do tráfico e a organización do contorno da Praza de Augas Férreas para implantar estacionamentos en batería.**



MOBILIDADE PEONIL

NESTE BLOQUE PROPOÑEREMOS MEDIDAS QUE CONTRIBÚAN A PROMOCIONAR O HÁBITO DE CAMIÑAR

- 1 **Propoñemos acondicionar un trazado de eixes continuos e seguros que atravesen a cidade.**
- 2 **Crearemos #Lugocidadequecamina coa posta en marcha do metrominuto** que é un plano que indica distancias e tempo entre varios puntos da cidade coa idea de fomentar desprazamentos a pé.
- 3 **Avanzaremos na peonalización da ronda da muralla** acometendo o tramo da zona da Mosquera no treito que vai dende a praza da constitución e a porta de San Pedro.
- 4 **Acometeremos a peonalización completa da ronda interior da muralla.**
- 5 **Ampliaremos o ámbito de actuación da peonalización de Quiroga Ballesteros** na zona que linda coa traseira do Cuartel de San Fernando entre as rúas San Froilán e Bolaño Rivadeneira.
- 6 **Avanzaremos na mellora da mobilidade vertical** actuando en novos puntos como a escalinata do barrio da estación o unha zona de Volta da Viña.



PLAN INTEGRAL DE PROTECCIÓN AO PEÓN E PROPOSTAS DE SEGURIDADE VIARIA

O OBXECTIVO DAS MEDIDAS EXPOSTAS É TRABALLAR COA VISIÓN DE ACCIDENTES CERO

1

Reforzaremos a sinalización led con detectores de presenza nos pasos de peóns máis transitados e perigosos .

2

Faremos un mantemento periódico e melloraremos a sinalización horizontal e vertical.

3

Melloraremos a seguridade no contorno dos colexios.

4

Melloraremos a seguridade no camiño primitivo.

5

Promoveremos campañas de sensibilización involucrando os cativos e as cativas na necesidade de cumprir as normas de tráfico e fomentar as boas prácticas de condución.

6

Desenvolveremos cursos de reeducación viaria para maiores de 65 anos no parque de tráfico López Mella.

7

Sumarémonos á programación da semana mobilidade europea.



MOBILIDADE VEHÍCULO PRIVADO

1

Deseñaremos un mapa cos puntos negros de tráfico que contemplarán:

- A remodelación de interseccións perigosas.
- Impulsaremos a obra rotonda Alfonso X.
- A mellora ou creación de novas rotondas.
- Actuacións en barrios como o da Ponte, polígonos industriais.

2

Melloraremos os accesos a Lugo:

- Axilizaremos o desdoblamento e a iluminación da Avenida de Duquesa de Lugo.
- Dignificaremos a entrada pola Fervedoira da Avenida Adolfo Suárez.
- Promoveremos un plan de tráfico específico para mellorar a mobilidade da estrada vella de Santiago.

3

Levaremos a cabo o redimensionamento dos carrís en varios cruzamentos de Lugo para mellora de seguridade de peóns e condutores en puntos como de Pintor Corredoira coa Ronda de Fingoi; unión da Ronda da Muralla con a rúa Santiago, entre outros.

4

Impulsaremos o desdoblamento e iluminación Ronda Norte.

5

Impulsaremos a execución da Ronda Leste.

6

Resolveremos o acceso da cidade dende a ponte branca.



MOBILIDADE CICLISTA

1

Creación dunha rede integral de carrís bici pola cidade así como unir o único carril bici de Fingoi co río.

2

Promoveremos o carril bici de Ombreiro.

3

Recuperaremos o sistema de préstamo de bicicletas.

4

No Parque infantil López Mella promoveremos cursos gratuítos, durante todo o ano, para circular en bici así como mellorar as técnicas de circulación.



PLAN ESPECÍFICO DE TRÁFICO PARA O CASCO HISTÓRICO:

1

Renovaremos o sistema de control de entrada mediante cámaras retirando os actuais bolardos.

2

Buscaremos ampliar o número de espazos de carga e descarga para facilitar e reducir os tempos destas operacións.

3

Rediseñaremos os itinerarios de paso dos vehículos dentro do casco histórico.

MOBILIDADE E MEDIO AMBIENTE NO CASCO HISTÓRICO

4

Primaremos o uso de vehículos limpos con instalación de puntos de recarga de coches eléctricos.

5

Renovaremos de forma progresiva por coches eléctricos os vehículos do parque móbil municipal.

6

Bonificacións para particulares e empresas que optan por este tipo de vehículos.



LUGO EN MARCHA

medio ambiente y
urbanismo





URBANISMO

1

IMPULSAREMOS DIFERENTES ACTUACIÓNES URBANÍSTICAS EN DISTINTOS PUNTOS DO MUNICIPIO:

- **Resolveremos o problema xerado coas torres do Garañón**, en cumprimento coa sentenza que anulou a licenza autorizada polo PSOE, e buscaremos as alternativas para crear a máxima zona verde con mínimo custo para os lucenses.
- **Axilizaremos a tramitación das licenzas municipais.**
- **Desbloquearemos o 5% PXOM**
- **Impulsaremos a rehabilitación de barrios deteriorados** mediante Áreas de Rehabilitación Urbana (ARRUS): Milagrosa, Feijoo e A Ponte.
- **Desbloquearemos dotacións en barrios** en compás de espera e edificios inacabados como a Biblioteca Piringalla, o parque paxariños (Fontiñas), ou o Parque de enerxías alternativas do Ceao, a fábrica da luz (paseo do Miño)
- **Crearemos novos parques infantís** na cidade en Soto Freire e na Praza do Camiño en Fontiñas con confluencia Carril das Frores.
- **Unha vez entre a funcionar o novo colexio do Sagrado Corazón negociaremos coa entidade financeira propietaria dos actuais edificios do colexio** a súa cesión para crear novos equipamentos para o barrio como son unha pista deportiva aberta, unha praza pública e locais para o tecido asociativo
- **Impulsaremos a construción dun novo Centro de Saúde para o Sagrado Corazón** e buscaremos os terreos no barrio para poñer a disposición da Xunta para tramitar a construción dun novo centro de saúde.
- **Promoveremos un Plan Especial para mellora da accesibilidade no barrio da Estación e na zona da Volta da Viña**
- **Promoveremos a construción da nova residencia de maiores no barrio da Residencia**
- **Apostaremos pola construción da nova sede da Comisaría da Policía Nacional no barrio da Residencia**

2

DE CARA A FIXAR POBOACIÓN E MELLORAR A ESTÉTICA DO CASCO HISTÓRICO PROPOÑEMOS:

- Actualización do Plan Especial do Recinto Histórico (PEPRI)
- Incentivaremos a rehabilitación
- Completaremos o proxecto do paseo interior da Muralla
- Soterrar o cableado que afea o casco histórico
- **Deseñar un Plan de Actuación** para renovar de forma progresiva a rede de abastecemento e saneamento así como contemplar a canalización de servizos de telecomunicacións, fibra óptica e gas cidade.
- **Queremos completar o esforzo da Xunta no plan de rehabilitación do barrio da tinería** convertendo este espazo nunha zona de primeira para vivir, e para impulsar o comercio e a hostalería.
- Creación dun parque infantil na traseira do cuartel de San Fernando.
- Impulsar o desenvolvemento de bolsas de terreos no Casco Histórico



MEDIO AMBIENTE:

Para conciliar o descanso veciñal elaboraremos unha nova ordenanza de contaminación acústica xa que a actual do ano 1997 está completamente obsoleta.

1

LUGO COAS INFRAESTRUTURAS VERDES E AS ENERXÍAS ALTERNATIVAS

Desenvolveremos un Plan de infraestruturas verdes con diferentes actuacións:

- Desenvolveremos proxectos de mellora ambiental no contorno da muralla.
- Desenvolveremos un plan de mantemento das zonas verdes, parques e arborado urbano
- Levaremos a cabo un proxecto de identificación das árbores singulares do parque de Rosalía de Castro cun sistema de placas e código QR
- Levaremos a cabo a mellora integral do parque Paxariños de Fontiñas
- En colaboración coa Universidade darémoslle un uso á zona verde e ao anfiteatro do campus
- Impulsaremos o uso de enerxías alternativas para infraestruturas municipais de alto consumo
- Reduciremos a factura enerxética analizando os consumos dos edificios municipi-

país e poremos en marcha un plan de eficiencia enerxética e de aforro enerxético nestas instalacións.

- **Modelo de xestión directa do ciclo da auga.**

2

LUGO EN MARCHA MIRANDO CARA AO RÍO

- **Completaremos o cinto verde** unindo os paseos do río Rato co río Miño á altura das instalacións do Pazo Universitario **gañando 39.000 m2 de espazo de lecer.**

- **Ampliaremos o parque periurbano** cunha nova ruta de 21 km a ambas marxes do río.

- **Melloraremos o mantemento do parque das Gándaras.**

- **Iluminación do paseo de Ombreiro.**

- **Crearemos unha zona de baño pública e gratuíta no río Miño.**

- **Daremos continuidade ao único carril bici que hai na ronda de Fingoi** para comunicalo co río.

3

LUGO EN MARCHA COA XESTIÓN DE RESIDUOS DOMÉSTICOS E A LIMPEZA

Readxudicaremos o sistema de recollida de lixo fomentando a recollida selectiva para o cal poremos en práctica as seguintes medidas:

- **Renovaremos toda a flota de colectores garantindo** que cada lucense teña acceso a a un colector a unha distancia razoable e melloraremos a limpeza e o mantemento dos recipientes.

- **Desenvolveremos un programa piloto de colectores** con sensores de carga para planificar as rutas a puntos de recollida selectiva.

- **Promoveremos a recollida de aceites domésticos.**

- **Melloraremos o servizo do Punto limpo do Ceao** ampliando o horario e colocando o sistema de videovixilancia para evitar os furtos que se rexistran a diario.

- **Implantaremos de puntos limpos móbiles**, co fin de favorecer a adecuada recollida, clasificación e preparación de residuos para a reutilización.

- **Iniciaremos un programa de recollida “porta a porta”** de materia orgánica dos grandes produtores (colexios, hoteis, supermercados...).

- **Promoveremos campañas de recollida de vidro para hostalería.**

- **No resto da cidade implantaremos as illas de recollida de material orgánico** mediante colectores con chave ou tarxeta cidadá.

- **Na zona rural impulsaremos a autocompostaxe.**

- Poremos illas móbiles en eventos para reciclar latas, vidro e cartón.
- Faremos unha recollida de restos de poda e de herba nas zonas periurbanas de Lugo.
- Levaremos a cabo campañas de promoción e apoio ao uso do compost e tamén de sensibilización para a redución do consumo de bolsas de plástico dun só uso.

4

MELLORAREMOS A LIMPEZA DIARIA DA CIDADE:

- Reforzaremos o aseo urbano e a eliminación de pintadas.
- Aumentaremos os baldeos mecánicos e a presión en zonas saturadas con densidade de poboación e locais de hostalería e ocio a maiores do centro.
- Desenvolveremos un plan de mantemento e reforzo de limpeza de sumidoiros para evitar inundacións.
- Reabriremos os tres quioscos da Praza Maior, Praza de Santo Domingo e A Milagrosa para recuperar os baños públicos.

5

CIDADE AMIGABLE COAS MASCOTAS

- Acondicionaremos novos canís ou zonas de espaxamento canino (ZEC) e melloraremos o mantemento dos outros tres canís que hai nos barrios de Acea de Olga, Parque Frigsa e carril das estantigas.
- Intensificaremos a vixilancia para evitar a mala imaxe das feces de cans en rúas e espazos públicos de Lugo e tamén daremos facilidades para que os propietarios de mascotas cumpran coa súa obriga de manter limpa a cidade.
- Levaremos a cabo un protocolo de control das colonias felinas no Concello a través do método CES (control, esterilización e solta).
- Asinaremos un convenio coa Asociación Protectora de Animais Exóticos de Galicia ou outra similar para ter un plan de actuación ante o abandono, e posterior recollida, de animais exóticos en Lugo.
- Promoveremos campañas informativas e de sensibilización en centros educativos sobre o respecto aos animais.
- Elaboraremos unha guía Pet-Friendly de Lugo (veterinarios, restaurantes, comercios, aloxamentos ...)
- Acondicionaremos un lugar de recollida para equinos abandonados que deambulan no termo municipal e, en moitas ocasións, pola vía pública ocasionando problemas de seguridade viaria.
- Adaptaremos á Ordenanza Municipal sobre protección e Tenza de animais, que se aprobou no ano 2008, á Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia. (entrada establecementos, acceso transporte público, circos ...)
- Estableceremos convenios con clínicas veterinarias para fomentar a esterilización e implantación do microchip de cans e gatos e poder así ter un control da poboación destes animais.



LUGO EN MARCHA

co talento e
emprendemento





- 1 **Elaboraremos un “Plan de captación de investimentos, empresas e xeración de emprego”** para difundir as bondades e vantaxes de investir en Lugo, tanto en feiras nacionais como internacionais, así como campañas de captación de inversores e empresas.
- 2 **Impulsaremos un “Programa de Emprendemento Municipal”** para fomentar o espírito emprendedor como unha alternativa fronte ao emprego por conta allea, xerando novas oportunidades para a creación de postos de traballo.
- 3 **Facilitaremos medidas e incentivos para buscar a ocupación dos locais baleiros** do núcleo histórico e do resto da cidade, e fomentaremos a mellora da imaxe destes locais mentres non sexan ocupados.
- 4 **Poremos en marcha un “Programa de Mentores Senior”**, onde se poida resaltar a experiencia e os coñecementos de persoas que xa remataron a súa vida laboral, pero que pola súa profesión poden axudar os emprendedores.
- 5 **Impulsaremos un “Plan de Rehabilitación e Mantemento de Polígonos Industriais”** en colaboración coas asociacións empresariais, para mellorar o asfaltados das rúas, a sinalización viaria, a rede eléctrica, etc.
- 6 **Estableceremos un “Plan de Incentivos Fiscais”** cunha duración de catro anos, dirixido á atracción de novas empresas xeradoras de emprego, bonificando ata un 50% as licenzas de apertura, obras e no imposto de actividades económicas.
- 7 **Crearemos un Programa de axudas locais dirixido a emprendedores** para a creación de novas empresas pertencentes ao sector do pequeno comercio.
- 8 **Potenciaremos a “Mesa Local de Comercio”** para que funcione como unha canle eficaz de intercambio de información e propostas cos representantes do comercio, establecendo reunións mensuais.
- 9 **Implantaremos “Plans de Apoio ao Traballador Autónomo e a PEMES”**, para favorecer a sustentabilidade dos negocios familiares.
- 10 **Adoptaremos a “Innovación Social”** como modelo colaborativo baseado na xestión do talento, dirixido a empoderar os cidadáns e os diferentes actores sociais para que interveñan na toma de decisións, co fin de que acheguen alternativas e solucións que xeren valor público que impacten na nosa cidade.
- 11 **Elaboraremos “Plans Especiais de Investimento e Actuación Territorial”**, orientados á provisión de dotacións e infraestruturas básicas nos barrios da cidade con maiores desigualdades, de cara a facer máis competitivos a estas zonas, favorecendo o emprendemento, o emprego e a xeración de oportunidades.
- 12 **Impulsaremos de xeito real e efectivo os viveiros empresariais** prestando unha especial atención á capacidade de xeración de tecido empresarial.

- 13 **Crearemos os “Premios do Emprendedor”** dirixido aos mellores proxectos e iniciativas empresariais que se leven a cabo no Concello.
- 14 **Executaremos un plan formativo de apoio á incorporación laboral e ó emprendemento de colectivos desfavorecidos** e con maior dificultade para acceder ao emprego, como a mocidade, as mulleres e maiores de 45 anos e persoas con discapacidade.
- 15 **Crearemos un “Consello Cidadá para o Emprego”**, formado polos axentes sociais e empresas locais para impulsar medidas políticas activas de emprego, dirixidas á creación de oportunidades para a xeración de negocios e emprego, así como á cualificación e a reciclaxe profesional dos traballadores, especialmente daqueles en situación de maior dificultade para acceder ou retornar ó mercado de traballo.
- 16 **Poremos en marcha unha liña de axudas para a renovación e modernización** do pequeno comercio mediante a implantación das novas tecnoloxías.
- 17 **Desenvolveremos accións que poñan en valor o comercio tradicional** e que promova a comercialización de produtos autóctonos.
- 18 **Elaboraremos unha “Guía do Comercio de Proximidade e da Hostalaría”**, tanto en papel como en formato electrónico, que recolla un catálogo de servizos e establecementos que favoreza a creación unha imaxe e manual de identidade corporativa que identifique o comercio de Lugo.
- 19 **Crearemos un “Fondo Municipal de Bolsas de Formación”** que vaia dirixido a parados de longa duración.
- 20 **Fomentaremos a actividade comercial nos mercados municipais** e modernizaremos os edificios e instalacións.
- 21 **Apoiaremos as empresas de economía social, o seu crecemento**, así como o impulso á cooperación e asociación das mesmas como fórmula para favorecer a súa consolidación e expansión.
- 22 **Crearemos canles de comunicación co restos de Centros de Empresas e Innovación do país**, para compartir as experiencias dos emprendedores, aproveitando as sinerxías que xeran a Sociedade do Coñecemento.
- 23 **Apoio e colaboración coa universidade** para aproveitar o talento e potencial investigador dos estudantes de Campus Terra.
- 24 **Becas para alumnos universitarios** de cara a ampliación de estudos relacionados co municipio de Lugo.
- 25 **Premios para os mellores expedientes en bacharelato.**



LUGO EN MARCHA

Seguridade e
CONVIVENCIA

Ramón
Carballo





**POREMOS EN MARCHA UN NOVO MODELO DE POLICÍA LOCAL
QUE ESTEA MÁIS PRETO DOS CIDADÁNS**

Para iso traballaremos en **sete direccións**:

1 **Cubrir de forma graduada as vacantes de axentes e mandos** estruturando un organigrama da policía do século XXI

2 **Crearemos unidades especializadas:**

- Un grupo de control xudicial de tráfico: esta unidade encargaríase de realizar informes criminolóxicos referidos a unhas causas determinadas, como poden ser altos graos de alcohol e drogas ou accidentes de tráfico graves con resultado de morte.
- Unha unidade administrativa para o control do cumprimento das ordenanzas ditadas polo Concello
- Unidades especializadas de violencia de xénero, mediación en conflitos e policía xudicial
- Implicarémonos na seguridade no rural con presenza da policía local en coordinación coa policía nacional

3 **Intensificaremos a presenza dos axentes na rúa** con servizos de patrullas tanto a pé como en moto durante todo o ano.

4 **Renovaremos medios técnicos**, equipos de comunicacións así como o equipamento e os medios que precisen os axentes.

5 **Habilitaremos un gabinete de formación propia e permanente** que facilite accións formativas para os axentes (non ten AGASP)

6 **Descentralizaremos as oficinas da policía local** para achegar o servizo ao cidadán:

- Crearemos unha delegación da policía local na zona norte para responder ás novas realidades de Lugo.
- Abriremos unha oficina administrativa no edificio do Seminario da ronda da muralla a modo de extensión da central de Sanfiz e, que serviría para solicitar autorizacións de vehículos no recinto histórico, recollida de obxectos perdidos ... etc

7 **Intensificaremos os protocolos de colaboración entre os distintos corpos e forzas de seguridade**



**AMPLIAR A PLANTILLA DE BOMBEIROS CON EFECTIVOS SUFICIENTES
PARA UNHA CIDADE DE 100.000 HABITANTES**

Poremos á súa disposición efectivos para cumprir a proporción de 1 bombeiro por cada 1000 habitantes. Tamén melloraremos os sistemas de comunicación



ACTUALIZAREMOS O PLAN DE EMERXENCIAS MUNICIPAL

Leva 11 anos sen se revisar e, tal e como está, non serve para afrontar os riscos que poderían xurdir en Lugo porque está obsoleto e non corresponde á realidade.



ELABORAREMOS ANTES DE FINALIZAR O 2019 UNHA NOVA ORDENANZA CONVIVENCIA

Aplicaremos o principio de “ventana rota”, de eficacia probada nas cidades mellor xestionadas do mundo, subsanando en 24 horas calquera tipo de acto vandálico.



**CREAREMOS UNHA OFICINA DE ASESORAMIENTO PARA OS CIDADÁNS
AFECTADOS POR OCUPACIÓNS ILEGAIS DE VIVENDAS.**



**IMPLANTAREMOS UN SISTEMA DE VIDEOVIXILANCIA NO CONTORNO
DOS MONUMENTOS MÁIS EMBLEMÁTICOS**

Así como en polígonos industriais para mellorar a seguridade e evitar actos vandálicos e roubos.



LUGO
EN MARCHA
benestar e igualdade

Ramón
Carballo



**MAIORES:**

Dende o Partido Popular queremos adaptar as políticas municipais dirixidas aos maiores á realidade social actual. Teremos en conta a idiosincrasia da cidade eliminando os estereotipos anticuados que marcan, na actualidade, a oferta de actividades, recursos e servizos dirixidos a este sector da poboación.

- 1** **Elaboraremos un Plan Municipal do Maior** que promova o envellecemento activo ao tempo que traballe na atención dos maiores en situación de dependencia e a protección e seguridade daqueles que viven sós, sen esquecer o apoio ás persoas que se ocupan do seu coidado.
- 2** **Implantaremos un servizo de teleasistencia avanzada** con dispositivos de monitorización a domicilio que sirvan de apoio na autoxestión axudando a previr situacións de risco e favorecendo a permanencia dos maiores no seu contorno.
- 3** **Realizaremos un Plan de dinamización** que dea resposta ás características específicas dos maiores promovendo a súa autonomía persoal e previndo a dependencia mediante o exercicio físico e o desenvolvemento cognitivo.
- 4** **Poremos en marcha un Programa de voluntariado** que promova as relacións sociais e accións interxeracionais nas que os maiores tamén participen como parte activa, para o que crearemos a figura do MENTOR SENIOR.
- 5** **Incrementaremos e melloraremos os servizos de atención e protección dos maiores** vixiando a súa calidade, especialmente dos prestados mediante contrato de servizos externalizados (Axuda no Fogar, Centro de Día, Xantar no fogar...)
- 6** **Faremos gratuíto o transporte público para os maiores de 65 anos.** Así mesmo traballaremos para que tanto as paradas como os autobuses sexan accesibles ao 100%.
- 7** **Compromiso de mellorar a climatización dos centros sociais de Lugo** para garantir unha temperatura adecuada nas instalacións así como mellora da limpeza e reposición de mobiliario deteriorado.



DINAMIZACIÓN E INTEGRACIÓN

- 1 **Reorganizaremos o funcionamento dos Servizos Sociais** axilizando a atención e reducindo trámites burocráticos para o acceso a servizos e recursos.
- 2 **Asinaremos con Lugo un Pacto contra a pobreza** no que traballaremos en colaboración cos axentes sociais reforzando recursos e axudas no acceso á educación, ó emprego, á vivenda e outros elementos básicos para a prevención e o apoio ante situacións de vulnerabilidade ou risco.
- 3 **Impulsaremos un Plan Municipal de Atención á Diversidade** que contemple medidas para a eliminación de barreiras que impidan ou limiten a igualdade da cidadanía no acceso e gozo dos seus dereitos.
- 4 **Favoreceremos a mobilidade e accesibilidade** contribuíndo á eliminación das barreiras que dificulten os desprazamentos pola cidade
- 5 **Traballaremos na Dinamización igualitaria dos Barrios** garantindo unha oferta equilibrada de servizos, recursos e actividades, así como uniformidade no seu funcionamento.
- 6 **Reforzaremos o Tecido Asociativo** incrementando a coordinación e cooperación interadministrativa e garantindo a axilidade e transparencia na convocatoria e tramitación de subvencións ós proxectos sociais.
- 7 **Desenvolveremos un Plan de Mellora da empregabilidade** dirixida a persoas en situación de vulnerabilidade social ou risco.
- 8 **Desenvolveremos accións de Sensibilización e Concienciación Cidadá** promovendo un uso responsable dos recursos, o respecto ós espazos reservados a persoas con discapacidade e contribuíndo á eliminación da estigmatización social.
- 9 **Realizaremos unha campaña de difusión permanente e actualizada** das actividades, servizos e recursos municipais utilizando soportes de publicidade exterior.



IGUALDADE


- 1 **Traballaremos na coordinación de accións e recursos para a prevención da violencia de xénero** así como para a atención e protección das vítimas.
- 2 **Faremos da Igualdade de Xénero, un eixo vertebrador das políticas e accións a desenvolver a nivel municipal.**
- 3 **Desenvolveremos un Programa de detección e identificación de signos da violencia de xénero** dirixido á cidadanía e de forma especial á xuventude.
- 4 **Poremos en marcha o IV Plan de Igualdade** con medidas de prevención, sensibilización e actuación adecuadas ás necesidades actuais da sociedade incidindo de forma especial na zona rural.
- 5 **Reforzaremos e equilibraremos os servizos para a conciliación** da vida laboral, familiar e persoal mellorando as condicións de acceso e igualando a oferta de actividades e horarios achegándoos ao rural.
- 6 **Traballaremos na coeducación e corresponsabilidade** no eido educativo, familiar e laboral.
- 7 **Apoiaremos a entidades sociais no desenvolvemento de accións** de promoción da igualdade, loita contra a violencia de xénero e a trata de persoas con fins de explotación sexual.



XUVENTUDE

Con estas propostas pretendemos valorar a iniciativa xuvenil, promover a súa participación activa na sociedade e fomentar un uso responsable do ocio desenvolvendo e consolidando hábitos e comportamentos sociais e saudables.

- 1 **Poremos en marcha o Consello da Xuventude** favorecendo o encontro e a interacción xuvenil e dando valor ás súas propostas e iniciativas.
- 2 **Fomentaremos o asociacionismo xuvenil** reforzando lazos de colaboración e solidariedade entre a mocidade así como potenciando e apoiando iniciativas xuvenís.
- 3 **Crearemos espazos de ocio seguros para mozos e mozas destinados á dinamización da mocidade** con oferta de actividades en consonancia coas súas inquiredanzas.
- 4 **Elaboraremos, en coordinación coas ANPAS,** unha oferta planificada de actividades deportivas en espazos naturais e urbanos contribuíndo ao fomento do exercicio ó aire libre e apoio ao deporte minoritario.
- 5 **Favoreceremos a práctica do street workout** creando novas instalacións en zonas verdes da cidade.
- 6 **Desenvolveremos unha liña de axudas** para a ampliación da formación e cultura da mocidade en situación de desemprego.
- 7 **Levaremos a cabo políticas globais de prevención** nas que exista unha labor coordinada e transversal dende diferentes Áreas saúde, educación, familia, urbanismo, servizos sociais.
- 8 **Desenvolveremos o II Plan integral municipal Infancia e adolescencia.**



LUGO EN MARCHA

co turismo,
CAMIÑO primitivo e a cultura



- 1 **Crearemos o padroado de cultura para ofertar unha programación estable,** desestacionalizada e de nivel con actividades e actos todas as fins de semana.
- 2 **Elaboraremos e difundiremos unha axenda cultural** en coordinación con outras administracións e entidades culturais do municipio para evitar contraprogramacións ou solapamento de actos.
- 3 **Designaremos o Cronista Oficial de Lugo.**
- 4 **Determinaremos unha estratexia global para definir os usos dos edificios culturais** (Novo Auditorio de Magoi, Vello Cárcere, Gustavo Freire, MIHL, biblioteca municipal Isidro Novo, a futura Biblioteca da Piringalla ...).
- 5 **Promoveremos un convenio coa Deputación Provincial** para que esta institución, estableza canles a nivel provincial para que os concellos de Lugo poidan utilizar o novo Auditorio e, a cambio desta concesión, colabore no mantemento do mesmo.
- 6 **Propoñemos un paquete de medidas para atraer usuarios á biblioteca municipal** de Frigsa como son: ampliar o horario así como a apertura os sábados á mañá; facer catas de novidades literarias e actos na rúa.
- 7 **Poremos en funcionamento un bibliobús** para achegar a cultura a barrios e parroquias
- 8 **Garantiremos a continuidade da Escola de Música** mellorando as instalacións para dar cobertura á demanda actual e futura.
- 9 **Potenciar a banda municipal** para recuperar o prestixio que tivo esta agrupación musical como referente galego.
- 10 **Apoiaremos ás agrupacións de teatro local.** Abriremos colaboración coas compañías para programar ciclos e dar uso a espazos como o anfiteatro do campus e auditorio Gustavo Freire.
- 11 **Potenciaremos o San Froilán** para que as festas do patrón recuperen o seu esplendor e volvan a ser referencia tanto a nivel galego como nacional.
- 12 **Impulsaremos celebracións con gran tradición en Lugo como a Semana Santa e o Corpus Christi** así como a exposición do **Santísimo Sacramento na Catedral.**
- 13 **Apostaremos pola innovación na programación do Arde Lucus para consolidar esta celebración.**
- 14 **Recuperaremos a relación coas cidades coas que estamos irmandados** (a cidade portuguesa de Viana do Castelo, a francesa de Dinán e a China de Quinhuangdao).

- 15 **Apoiaremos o talento musical da mocidade, aos grupos locais emerxentes, así como ás diferentes agrupacións musicais** (corais, cantareiras ...) proporcionándolles medidas de promoción dos seus traballos (axudas para gravación, dar visibilidade aos seus traballos, cesión espazos en radios, incorporándoos á programación cultural e de festas)
- 16 **Elaboraremos un inventario de bens históricos,** artísticos e culturais propiedade do Concello e recuperaremos e restauraremos a obra de artistas de renome, que son propiedade municipal, e sofren deterioro.
- 17 **Recuperaremos para os lucenses o Cuartel de San Fernando.**
- 18 **Apostaremos por un turismo cultural, natural, histórico e gastronómico de calidade.** Lugo está ben situado estratexicamente e temos que ser capaces de presentar unha cidade atractiva, impecable e ben sinalizada.
- 19 **Aproveitaremos os tres patrimonios da humanidade** (Muralla, Catedral, Camiño Primitivo) como reclamo turístico para xerar emprego e dinamizar a actividade económica do municipio aproveitando a celebración do Xacobeo 2021.
- 20 **Proporemos o campus de Lugo como sede dun grao de ciencias culinarias e gastronómicas** coa idea de potenciar o talento da mocidade ligado á gastronomía.
- 21 **Daremos visibilidade e promoción ao patrimonio natural do río Miño** con actuacións como: a recuperación de instalacións en desuso como base para actividades turísticas e deportivas; asinar convenios coa Confederación Hidrográfica para a recuperación dos caneiros; creación praia fluvial e completar cinto verde.
- 22 **Lideraremos proxectos de arte na rúa, nos que contaremos coa participación da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón** así como cos diferentes profesionais do deseño e escolas de pintura para ofertar determinados elementos urbanos para plasmar a súa obra. (caixas de luz e de tráfico, murais artísticos en zonas degradadas ou medianeiras).
- 23 **Promoveremos un convenio con propietarios de baixos comerciais baleiros** para utilizalos como escaparates para promocionar a programación cultural ou turística da cidade. Aos que se adhiran ao programa aplicaráselles descontos no IBI.
- 24 **Dotaremos á cidade de novos elementos escultóricos, entre eles un elemento na Praza de Pío XII** onde conflúen os tres patrimonios da humanidade que ten Lugo, personaxes e oficios representativos da cidade...
- 25 **Impulsaremos un sistema de videovixilancia** no entorno dos monumentos máis emblemáticos para evitar actos vandálicos.
- 26 **Poremos en valor o Camiño Primitivo** e reforzaremos o grao de coñecemento dos lucenses deste Patrimonio Mundial ao seu paso polo municipio de Lugo. As medidas que propoñemos enmárcanse en tres eixes:

26.1

Mellora da imaxe e seguridade do Camiño Primitivo

- Humanizar zonas como as escaleiras de San Eufrasio con Fontiñas; a confluencia do Carril das Flores coa Ronda da Muralla ou os pasos soterrados da calzada da Ponte e Louzaneta.
- Unificar criterios e elaborar un catálogo para as intervencións que se fagan no camiño para evitar os feísmos como a fonte-mausoleo de Bascuas.
- Impulsar mediante subvenciones o arranxo de fachadas das vivendas situadas nos barrios de A Chanca-O Carmen-A Ponte.
- Sinalizar paso de peón no cruce do Camiño Primitivo coa Ronda do Carmen.

26.2

Promoción do Camiño Primitivo

- Instalar un elemento visualmente atractivo na Praza do Camiño (Fontiñas) para que os peregrinos difundan a idea de Lugo como punto de partida do Camiño.
- Crear liñas de axuda para a creación de negocios relacionados co Camiño.
- Difusión do Camiño Primitivo entre os máis pequenos co apoio dos CEIPs con accións como a creación dunha credencial infantil ou convocatoria de concursos.
- Reforzar o vínculo da dimensión cultural-deportiva e musical do Camiño coa organización de actividades abertas ao público en xeral.
- En colaboración cos hostaleiros de Lugo organizar un concurso de “E-tapas no Camiño Primitivo”, a creación e promoción do menú do peregrino así como unha credencial de tapas polo Camiño que se poida integrar dentro do propio concurso de tapas do Concello.
- Potenciar o Día do Camiño Primitivo xa que xunto coa Muralla e a Catedral son os nosos patrimonios da humanidade, celebrando actos onde participen asociacións, centros escolares e cidadáns en xeral para dar a coñecer mellor a ruta xacobeá.
- Apoio na difusión de actividades vinculadas ao percorrido de tramos relativos ao Camiño Primitivo así como a outras rutas como a Vía XIX, Vía Kuning e a Vía Regia.

26.3

Captación de peregrinos

- Ofertar aos peregrinos que están en vilas próximas a Lugo como Sarria-Portomarín ou Palas de Rei unha proposta atractiva para que se despracen a Lugo nas súas horas de descanso.
- En colaboración co concello de Oviedo deseñar unha credencial propia do Camino Primitivo, e facer un diploma tipo “Compostela” para o recordo dos peregrinos que pasen pola nosa cidade.
- Elaborar novos folletos e instalación de puntos informativos durante San Froilán e o Arde Lucus así como a promoción en webs especializadas.
- Mellorar a sinalización do tramo urbano do camiño, colocación de paneis nas estacións de autobús e ferrocarril




LUGO
EN MARCHA
co deporte



O obxectivo que se debería marcar o Concello é que ninguén quede sen facer deporte e que a súa práctica sexa segura. Estas son as dez medidas do proxecto para impulsar o deporte en Lugo.

- 1 Creación dun padroado de deportes para coordinar e deseño de programación das actividades deportivas municipais.**
- 2 Crearemos un novo pavillón polideportivo multidisciplinar** para dar cobertura á gran demanda que hai en Lugo para a práctica do deporte de sala.
- 3 Abriremos e poremos en funcionamento o antigo pavillón da OJE.**
- 4 Dotaremos a Lugo dunha nova piscina municipal climatizada**
- 5 Ampliaremos e unificaremos os horarios das piscinas municipais** de As Pedreiras e Frigsa que abrirán ás sete da mañá e pecharán as 23.00 horas. Completaremos a oferta coa apertura en festivos e fin de semana.
- 6 Estudaremos o aproveitamento dos 300.000 litros mensuais da auga** dos vasos de ambas piscinas municipais para o baldeo ou outros usos.
- 7 Acometeremos a construción dunha nova instalación deportiva para a práctica do rugby**
- 8 Realizaremos a cobertura dunha das tres pistas de tenis do Palomar**
- 9 Remodelaremos a cuberta e as fiestras do pazo municipal dos deportes**
- 10 Realizaremos un recoñecemento exhaustivo das condicións de seguridade, accesibilidade, mantemento ...** de todas as instalacións deportivas municipais. Planificaremos de forma progresiva as obras para mellorar as deficiencias existentes.
- 11 Crearemos unha brigada de mantemento específica para reparar e conservar estas infraestruturas municipais.**
- 12 Potenciaremos a práctica do deporte na rúa nas distintas modalidades** e para distintas idades creando espazos deportivos ao aire libre, circuítos biosaudables ...
- 13 Crearemos unha nova pista polideportiva**
- 14 Crearemos un campo de fútbol para o deporte base**



LUGO EN MARCHA *co rural*





UN RURAL PARA VIVIR

- 1 **Antes de que finalice este 2019 aprobaremos o 5% do PXOM** pendente para favorecer o desenvolvemento urbanístico das 54 parroquias do municipio.
- 2 **A pesar de que o saneamento e o abastecemento é competencia municipal negociaremos con outras administracións para facer un plan que nos permita dotar destes servizos**, progresivamente, a todas as parroquias do municipio.
- 3 **Dotaremos de cobertura móbil ás 11 parroquias do contorno do río Mera e a zona de As Regas - Carballido**



UN RURAL PARA TRABALLAR

- 1 **Aumentaremos ao 95% as bonificacións para as solicitudes de licenzas para construción de explotacións agrícolas e gandeiras** co obxectivo de impulsar a actividade agrogandeira
- 2 **Poremos en marcha un programa de mobilización de terras e parcelas**, de propiedade municipal abandonadas e improdutivas, para que os veciños das parroquias as poidan utilizar potenciando as actividades agrogandeiras e forestais.
- 3 **Impulsaremos o rural como destino turístico cunha liña de axudas para fomentar a recuperación de núcleos** así como a potenciación do Camiño Primitivo aproveitando as sinerxias do Xacobeo 2021.
- 4 **Promoveremos e daremos a coñecer o patrimonio cultural** e as rutas de turismo e de espargimento nos contornos fluviais .
- 5 **Potenciaremos a feira do Entroido de Nadela**
- 6 **Daremos un pulo aos mercados dos martes e dos venres da praza de abastos.**



UN RURAL PENSANDO NAS PERSOAS

- 1 **Crearemos o primeiro Centro de día no rural** estudando a viabilidade de ubicar este servizo nalgunha das Escolas Rurais que hai na actualidade en desuso.
- 2 **Promoveremos un programa de dinamización para os Centros Sociais** das parroquias que respondan ás necesidades dos veciños e veciñas.
- 3 **Implicarémonos na seguridade no rural** con presenza da policía local en coordinación coa policía nacional



UN RURAL BEN COMUNICADO

- 1 **Estableceremos un sistema de transporte a demanda** mediante convenio con taxistas e outros profesionais do sector do transporte.
- 2 **Elaboraremos un Plan de asfaltado**, de mantemento e tamén de roza das pistas
- 3 **Reforzaremos os equipos humanos da brigada de obras e da brigada eléctrica** que opera no rural.
- 4 **Crearemos un inventario actualizado dos camiños rurais do municipio de Lugo**
- 5 **Melloraremos o mantemento e a información dos sinais direccionais** que hai nas interseccións de camiños e tamén revisaremos os carteis de localización inexistentes ou moi deteriorados dalgúns núcleos



UN RURAL LIMPO

- 1 **Nos meses de verán reforzar recollida de lixo e aumentar a frecuencia de paso** xa que na actualidade os camións retiran os desperdicios unha vez á semana.
- 2 **Reforzaremos a vixilancia nos lugares onde, de forma habitual, se depositan cascallos e lixo para eliminar vertedoiros incontrolados**
- 3 **Potenciaremos a compostaxe** con entrega de colectores e charlas concienciación
- 4 **Impulsaremos un punto limpo móbil** do rural para a recollida de aceites, electrodomésticos, medicación ...



EQUIPO PARTIDO POPULAR
2019 - 2023

Ramón
Carballo

